

**MEMORIA ANUAL DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
BIÓLOGOS DE GALICIA  
ANO 2013**



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

## Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.

## 1. Actividades de defensa da profesión

As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e estiveron dirixidas a:

**1.1. Centro Español de Metroloxía (25 de febreiro).** A convocatoria de bolsas para a formación de especialistas en metroloxía non contempla a titulación de Bioloxía. O COBGA solicitou ao Consejo General de Colegios de Biólogos que reclamara a súa inclusión, feita mediante escrito dirixido ao Ministerio de Industria, Energía y Turismo do 27/II/13.

**1.2. Relación de Postos de Traballo Consellería do Medio Rural e do Mar (26 de febreiro).** En relación coa reunión do día 27 sobre esta RPT, reenviásele á Dirección Xeral de Función Pública e aos sindicatos presentes na Mesa de Negociación o escrito remitido en outubro pasado en ocasión similar, para a súa toma en consideración.

**1.3. Instituto Galego da Calidade Alimentaria (13 de marzo).** A convocatoria dun técnico con cargo ao proxecto WINETech Plus Comunidade de innovación e novas tecnoloxías en viticultura e elaboración de viño exclúe aos titulados en Bioloxía como candidatos. No escrito dirixido ao seu director para que reconsidere os termos da convocatoria, lémbrense as funcións da profesión e a existencia de biólogos desenvolvendo a súa actividade na industria vinícola de Galicia.

**1.4. Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios (20 de marzo).** O Consejo General de Colegios de Biólogos interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra o Real Decreto 1275/11, de 16 de setembro polo que se crea a AEMPS, ante a Sala Terceira, Sección Primeira, do Tribunal Supremo.

**1.5. Anteproxecto de Lei do Empregado Público de Galicia (29 de abril).** Envíanse alegacións á Dirección Xeral da Función Pública e aos sindicatos presentes na Mesa de Negociación relativas a que na rama de coñecementos da escala de biólogos se indique de xeito explícito o "título universitario oficial de licenciado ou graduado en Bioloxía" e que na escala de axentes de extensión pesqueira se manteñan as titulacións recollidas no artigo 12. 4. 1 da Lei 12/1992 de creación de Escalas de Persoal Funcionario (capitán de pesca, diplomado en EXB ou os tres primeiros cursos de licenciado en Ciencias Biolóxicas), incluíndo as novas titulacións universitarias equivalentes.

**1.6. Oferta Pública de Empleo do Sergas 2013 (14 de maio).** Na Resolución do 30 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, de convocatoria de concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde, entre os requisitos para as prazas de Facultativo Especialista en Análises Clínicas continúa solicitándose o "Título universitario oficial de grao ou de licenciado/a ou doutor/a en Ciencias Biolóxicas e acreditar a súa formación na especialidade de Análises Clínicas ou Bioquímica Clínica **mediante a formación completa como biólogo/a interno/a residente**, realizada en centros acreditados ou debidamente recoñecidos, logo de superación da proba nacional selectiva que establecen as disposicións vixentes", pese a que desde o 2002 xa existe o título de **especialista** para os biólogos. No escrito dirixido á súa directora pedímoslle que corrixa os termos da convocatoria nese sentido.

No DOG do 6/VI/13 publicouse a seguinte **corrección de erros**. Debe dicir: "Título universitario oficial de grao ou de licenciado/a ou doutor/a en Ciencias Biolóxicas e título de especialista expedido polo Ministerio de Educación Cultura e Deporte, na especialidade de Análises Clínicas ou Bioquímica Clínica".

**1.7. Probas selectivas escala de biólogos Xunta de Galicia (6 de xuño).** Remítese escrito ao Director Xeral da Función Pública en relación coas anomalías ou inconcrecións observadas no Programa que rexerá as probas. A parte específica, en comparación coas de outras escalas, é demasiado inconcreta polo que se lle solicita que se indique a normativa relacionada con cada tema naqueles nos que exista para evitar o agravio comparativo que se traduciría nunha maior dificultade para os biólogos, ao configurar uns temarios de forma distinta en función da titulación esixida para os postos.

**1. 8. Instituto Galego de Promoción Económica (3 de xullo).** Escrito ao Director Xeral para que os requisitos de acceso ás bolsas de formación en promoción exterior sexan os mesmos que rexen para as axudas para a contratación de xestores Igapex de internacionalización: contar cunha licenciatura ou diplomatura con experiencia ou coñecementos suficientes en comercio exterior.

Da resposta do Director Xeral do 8 de xullo: As titulacións indicadas na convocatoria responden á focalización nas titulacións máis demandadas polas empresas galegas á hora de incorporar persoal especializado aos seus departamentos de exportación ou internacionalización.

**1.9. Instituto Galego de Promoción Económica (7 de outubro).** Escrito ao Director Xeral para que se inclúa a titulación de Bioloxía entre as que optan á convocatoria de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas, dadas as áreas que se contemplan: entre outras, Xestión por procesos, Innovación na empresa e Execución de vixilancia tecnolóxica.

Da resposta do Director Xeral do 5 de novembro: As entidades colaboradoras nas que finalmente vai desenvolver o seu traballo o bolseiro son as que seleccionan as titulacións que necesitan. Deste xeito, a inclusión de bolseiros con titulacións non demandadas por estas entidades tería como resultado que se seleccionarían bolseiros para o listado que despois non poderían ser incorporados a destino.

**1.10. Servizo Galego de Saúde (8 de outubro).** Solicitóuselle á Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela a eliminación da referencia a "Médico" nunha convocatoria de xefatura da Sección de Microbioloxía (DOG nº 192, do 8/X/13). A Xerencia corrixiu ao día seguinte o texto das bases. Substituíuse por "persoal licenciado sanitario na especialidade de Microbioloxía".

**1.11. Técnico Especialista de Laboratorio (25 de outubro).** Enviado escrito á Directora de Recursos Humanos do SERGAS, á Comisión Central de Seguimento do Pacto de Contratación e ás Federacións de Sanidade dos sindicatos CC. OO., CSI-F, UXT e CIG solicitando que no baremo futuro que se pacte se contemple a titulación de Bioloxía como mérito valorable.

**1.12. Prazas de interinidades e substitucións para docencia en diversas especialidades de ensino secundario (25 de outubro).** Nas especialidades de Procesos de produción agraria e Procesos na industria alimentaria non se contempla a titulación de Bioloxía como unha das esixidas para impartilas, a diferenza do que sucede en outras comunidades autónomas. Diríxese a consulta ao Servizo de Profesorado de Ed. Secundaria, de Formación Profesional e de Réxime Especial da Consellería de C., Educación e O. U.

**1.13. Director Xeral de Función Pública (12 de decembro).** Enviáse escrito en relación coa elección de destino definitivo dos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na escala de enxeñeiros técnicos forestais, xa que a praza que se oferta de Xefe Sección Caza e Pesca Fluvial dos servizos periféricos pode ser cuberta tamén por biólogos.

**1.14. Registro de Profesionales Sanitarios (13 de decembro).** A indicación do Consejo General de Colegios de Biólogos enviáse oficio á Conselleira de Sanidade, para que o Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud do día 18 de decembro estime e aprobe a incorporación dos titulados universitarios superiores que desenvolven a súa actividade profesional nas institucións do Sistema, non só aqueles que responden á definición de profesional sanitario segundo a Ley de Ordenación de las Profesiones Sanitarias (LOPS).

## 2. Alegacións presentadas

O Colexio expresa a súa opinión técnico-científica acerca dos asuntos da súa competencia e os relacionados coas actividades que realizan os biólogos.

- 2.1. **Plan Sectorial de Turismo de Naturaleza y Biodiversidad 2013-2020 (11 de novembro).** Envíanse ao Consejo General de Colegios de Biólogos as consideracións do COBGA ao texto proposto polo MAGRAMA: o alcance do proxecto límitase á superficie da Red Natura 2000; algúns dos datos que se proporcionan datan de 2006 e 2001 e deberían revisarse para tomar decisións sobre datos actualizados; non se indica a cantidade necesaria para a posta en marcha do Plan e este factor é crucial para garantir a súa viabilidade.
- 2.2. **Proposta de decreto do plan de recuperación e conservación do Oso pardo (Resolución 12 de marzo).** O Colexio remitiu as súas alegacións á Dirección Xeral de Conservación da Natureza en relación con este plan.

## 3. Comisións sectoriais

As Comisións sectoriais son instrumentos de participación colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboración, apoio á formación, etc.

- 3.2 **Comisión Medio Ambiente.** Celebrou reunión o 24 de xaneiro. Asistiron 10 colexiados e o asunto a tratar foi “O medio ambiente e os profesionais da bioloxía. Reflexións sobre o futuro co gallo da crise”. Presentáronse varias propostas de reivindicacións profesionais e de colaboracións con outras institucións a prol do medio ambiente, así como de denuncia do mal funcionamento dos estudos de impacto ambiental e dunha campaña de comunicación para dar a coñecer a importancia da nosa profesión.



## 4. Actividades de formación e xornadas técnicas

Unha das funcións do COBGA especificadas nos seus Estatutos é a de organizar cursos para procurar a formación permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.

**4.1. Cursos propios.** En 2013 celebrouse un curso:

- Curso de Iniciación aos SIG aplicados á Xestión do Territorio con Software Libre (QGIS/GRASS). 8-12/Abril, Vigo. Participaron 8 alumnos (6 colexiados).

**4.2. Xornada Técnica Medición e Certificación da Pegada de Carbono:** Factor Clave da Diferenciación e Competitividade nas Organizacións. Celebrada o 19 de abril na Sede do FEUGA en Santiago de Compostela. Foi coorganizada polo Colexio, FEUGA, ENVITE (Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente) e OCA Instituto de Certificación. A Xornada contou coa asistencia dun total de 90 profesionais interesados/as no ámbito da Pegada de Carbono.

**4.3. XVI Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas.** Celebrado en O Grove os días 10 e 11 de outubro. O Colexio prestou tamén a súa colaboración co Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da USC.

## 5. Bolsa de Empleo

**Enviadas 5 ofertas específicas:** Agente contractual Joint Research Center, Responsable depuradoras complejo Sogama, Biólogo con experiencia en EIA de infraestructuras lineales, Especialistas del SERGAS, Plan de práctica laboral da Deputación de Pontevedra. **Máis de 120 ofertas foron enviadas mediante os NOVAS Semanais.** Esta frecuencia semanal reduce o envío específico ás empresas que así o solicitan.

## 6. Servizo de información

Este aspecto da súa actividade, como tamén a Bolsa de Emprego, é de vital importancia para o Colexio. Manter un activo e eficaz servizo de información resulta prioritario para que os colexiados consigan desenvolver o seu exercicio profesional nas mellores condicións.

**6.1. NOVAS COBGA.** En 2013 o boletín informativo mensual tivo 12 edicións que foron colocándose puntualmente na primeira semana de cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados e cunha media de 30 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa, Emprego, Bolsas, axudas e subvencións, Premios, Actividades de formación, Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas..., Recursos na Rede, Varios, Ofertas a colexiadas/os, Lexislación.

**6.2. NOVAS Semanais.** Os venres envíase esta folia informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas. 52 edicións.

**6.3. Páxina web.** Visitas en 2013: 59.156. Directorio, 3.072. *NOVAS COBGA e NOVAS Semana*, 45.139 (diferentes seccións).

**6.4. Redes Sociais.** En outubro de 2013 puxéronse en marcha as redes sociais Twitter, Facebook, LinkedIn e Google+ coas seguintes estatísticas ata final de ano:

- Facebook: Publicacións: 65. "Me Gusta" na Páxina: 270. "Me Gusta" nas Publicacións: 265. Comentarios: 12.
- Twitter: 72 tuits (sen contar os de benvida), 72 seguidores, 17 retuits de outros, 50 veces foron retuiteados os nosos tuits, 39 mencións, 42 dos nosos tuits marcados como favoritos.
- LinkedIn: O noso perfil de usuario non aporta estatísticas.
- Google+: 57 publicacións; 38 "+1" nas nosas publicacións; 3 comentarios; 5 publicacións compartidas.

## 7. Outros servizos colexiais

En 2013 os colexiados beneficiáronse de **descontos negociados con provedores** de:

7.1. **Bens e servizos:** Hotel Montenegro, Hotel Los Abetos, Hoteles Culturales Temáticos, San Francisco Hotel Monumento, OCA Termal Hotels, Pousadas de Compostela, Eurostars Hotels, Hotel Real, Hotel Torre do Deza & SPA, Gran Hotel La Toja, Paradores, Hotel Louxo-La Toja, Banco Etcheverría, Adeslas Segurcaixa, Prodasva Consultoría y Gestión (protección de datos), Asepeyo Sociedad de Prevención, Solid Forest, NorCenter, Tienda Sitio-Distinto, Mercatinta-Vigo, Escuela Infantil Plurilingüe Agasalle, Bodegas Valdamor, A Cesta da Saúde, Meraknautica, O Boi do Baladoiro, COAGA, Editorial Hélice, Musgo Aventura, Tus Casas Rurales, Ferrer & Ojeda, SDWEB (plataforma e-learning).

7.2. **Actividades de formación (matrícula):** Escuela de Negocios Novacaixagalicia, Escuela Europea de Negocios, AMBICAL Proyectos, Recursos Galicia, Depto. Toxicología y Legislación Sanitaria Fac. Medicina UCM, Aqualogy Campus, IVI Vigo, Soluciones Positivas, OELS Official English Language School, La Academia, Thema Formación, Cursos Coaching, <http://www.preparador-opos-biogeo.es/>, Tradutora de textos especializados, AIDICS, Estandar Gestión Alimentaria, SGS, GEAS, FEUGA, GENYCA Innova, COBCM/Instituto Superior del Medio Ambiente, MCA Formación on line, Transmitting Science/Institut Catalá de Paleontologia Miquel Crusafont, Instituto Madrileño de Formación, Fundación Asmoz, Desarrollo Personal, Alburen, IMASGAL, Grupo Hábitat, Savia, ALBUREN, Beacon Biomedicine, AMQuality, Ambihelp.

7.3. **Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura de O Grove (inscripción).**

7.4. **Ferrer & Asociados (Póliza seguro responsabilidade civil).**

## 8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

8.1 **IX Olimpíada de Bioloxía** - Fase Galega. A celebrar o día 17 de xaneiro de 2014 na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela [\[nota\]](#)

8.2 **Incendios forestais 2013** [\[nota de prensa\]](#)

8.3 **Día Mundial do Medio Ambiente 2013** [\[nota de prensa\]](#)

8.4 **Acto de Toma de Posesión do novo Decano e Xunta de Goberno** do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia o pasado 15 de febreiro na sede colexial. [\[nota de prensa\]](#) [\[referencias na prensa\]](#)

8.5 **VIII Olimpíada de Bioloxía- Fase Galega**. Celébrase o día 11 de xaneiro na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña. [\[nota de prensa\]](#) [\[nota de prensa 2\]](#) [\[referencias na prensa\]](#)

## 9. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

9.1. **I Encuentro Ibérico sobre Bioeconomía y Encuentro de Biólog@s Ibéric@s.** 24 de xaneiro, Badajoz. O COBGA foi representado polo xerente.

9.2. Presentación da **Guía de Peritos Judiciales** da Unión Profesional de Galicia. O acto celebrouse o 21 de febreiro en Santiago e o Colexio estivo representado polo Decano.

9.3. **Xornadas formativas: as actividades profesionais dos biólogos.**

9.3.1. O 16 de abril celebrouse na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e nela varios colexiados expertos en diferentes áreas explicaron os seus respectivos campos de actividade profesional. Asistiron 61 alumnos.

9.3.2. O 17 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, coa participación de 25 estudantes.

9.3.3. O 23 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago coa participación de 28 alumnos.

9.4. **Actos de licenciatura e graduación**

9.4.1. Acto licenciatura Bioloxía Universidade de Santiago. Celebrado o 6 de abril coa asistencia do Decano.

9.4.2. Acto graduación Bioloxía Universidade de Santiago. Celebrado o 13 de abril coa asistencia do Decano.

9.4.3 Graduación da primeira promoción do Grao en Bioloxía da Universidade de Vigo. Celebrouse o 7 de xuño e asistiu o Decano.

9.4.4. Licenciatura da derradeira promoción de Bioloxía da Universidade de Vigo, celebrada o 14 de xuño coa asistencia do Decano.

9.4.5. Acto licenciatura Bioloxía Universidade da Coruña. Celebrado o 5 de xullo coa asistencia do Decano.

9.5. **Jornada sobre la Ley de Servicios Profesionales.** Organizada pola Unión Profesional de Galicia e celebrada en Santiago o 19 de xullo, contou coa asistencia do Decano e a vogal M<sup>a</sup> Mercedes Casal. Ademais, o Presidente do Consejo General de Colegios de Biólogos presentou unha ponencia titulada “La Ley de Servicios Profesionales: ¿oportunidad o coartada?”.

9.6. **Consello Social do Sistema Universitario Galego** (Unión Profesional de Galicia). 24 de setembro. O COBGA postúlase a través do seu decano como candidato a vogal do Consello Social da Universidade da Coruña. Finalmente resultou elixida M<sup>a</sup> Mercedes Casal, vogal do Colexio.

9.7. **Jornada sobre Mediación**, celebrada o 29 de novembro en Santiago e organizada pola Unión Profesional de Galicia. Asistiu o xerente.

9.8. **Olimpíada de Bioloxía.** Dúas reunións presenciais e unha a distancia celebradas para elaborar as preguntas no cuarto trimestre.

## 10. Varios

10.1. **Xulgado de Primeira Instancia** N° 13 de A Coruña. 14 de xuño. Petición de especialistas en patoloxía da madeira.

10.2. **Entrevista coa Conselleira do Medio Rural e do Mar**, Dª Rosa Quintana. 14 de xuño. Participaron o Decano D. Pelayo Míguez e a Vocal Dª Mercedes Casal. Tratáronse asuntos de mutuo interese, incluídas as preocupacións do colectivo sobre as materias da súa competencia.

10.3. **Sinatura do convenio** marco de colaboración entre o Colexio e a Universidade da Coruña. O acto celebrouse no Reitorado o 28 de xuño entre o Decano e o Reitor da UDC, D. Xosé Luís Armesto Barbeito.

10.4. **Carta de colaboración do proxecto Observatorio do medio natural** presentado pola Oficina de Medio Ambiente Natural do concello de Pontevedra no marco da convocatoria de axudas da Fundación Biodiversidad para realizar actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade mariña e litoral, o cambio climático e a calidade ambiental 2013. 9 de xullo.

10.5. **Accidente de Angrois**. 29 de xullo. Envíanse cartas ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Delegado do Goberno en Galicia e o Sr. Alcalde de Santiago compartindo a dor de familiares de vítimas e feridos e agradecendo o labor desenvolvido polos diversos profesionais, veciños e voluntarios que interviron para paliar a catástrofe do día 24.

10.6. **Sinatura convenio** Escuela de Negocios Novacaixagalicia. 29 de xullo. Asinaron o Decano do Colexio e o Director da Escuela, D. Eduardo García Erquiaga. Os colexiados do COBGA gozarán de condicións económicas especiais nos programas de formación que organiza a entidade.

10.7. **Concesión da Cruz del Mérito al Trabajo** á Previsión Sanitaria Nacional. 31 de xullo. A petición da Asociación Jubilados de los Colegios Profesionales envíase escrito de adhesión.

10.8. **Entrevista co Secretario Xeral do Mar**, D. Juan Carlos Maneiro. 31 de xullo, na sede colexial. Asistiron o Decano e a Vogal Mercedes Casal e tratáronse asuntos de interese común.

10.9. **Falecemento de D. Ernesto Viéitez Cortizo**, presidente da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC). 23 de setembro. Envíanse cartas de condolencia á familia e á RAGC.

## 11. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

11.1. **Acto de Toma de Posesión do novo Decano e Xunta de Goberno do Colexio.** O COBGA convocou eleccións á súa Xunta de Goberno o 21 de decembro de 2012. Despois do conseguinte proceso electoral, o novo equipo de goberno electo, tomou posesión do seu cargo o 15 de febreiro. Asistiron ao acto a Sra. Conselleira do Medio Rural e do Mar, D<sup>a</sup> Rosa Quintana e o Presidente do Consejo General de Colegios de Biólogos, D. Pere Camprubí.

11.2. A Xunta de Goberno celebrou **sesións ordinarias** o 15 de marzo, o 26 de abril, o 19 de setembro e extraordinarias os días 21 de febreiro, 12 de abril e 8 de novembro.

11.3. A **Xunta Xeral ordinaria** celebrouse o 26 de abril.



## 12. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraje, dietas ou aloxamento (segundo a tarifa oficial do BOE). Os cobros de cada membro da Xunta de Goberno no 2013 figuran na táboa seguinte:

Gastos Junta Gobierno Cobga 1/I-31/Xii/13:			
Data	Concepto	Membro Xunta Goberno	Importe
15/03	Gastos Viaje Reunion	Fernando Garcia Sanz (Tesoreiro).	19,00 €
15/03	Gastos Viaje Reunion	Jose M Martinez Yriarte (Vocal).	50,38 €
26/04	Gastos Viaje Reunion	Fernando Garcia Sanz (Tesoreiro).	19,00 €
Febrero a Xullo	Gastos Viajes	Pelayo Miguez Baños (Decano).	772,70 €
10/09	Gastos Viaje Reunion	Fernando Garcia Sanz (Tesoreiro).	19,00 €
27/09	Gastos Viaje Reunion Decanos Biología	Pedro P. Gallego (Vocal).	50,00 €
27/09	Gastos Viaje Reunion Decanos Biología	Decano.	50,00 €
13-14/12	Pleno Consejo Billetes Avion	Decano e Vicedecano	418,94 €
13-14/12	Gastos Viaje Pleno Consejo	Vicedecano.	116,85 €
			<b>TOTAL: 1.515,87 €</b>

## 13. Informe anual de xestión económica

Nestes cadros resúmese o balance económico do 2013.

Activo	2013	2012	Pasivo	2013	2012
<b>A) Activo No Corriente</b>	<b>405.207,66</b>	<b>413.726,95</b>	<b>A) Patrimonio Neto</b>	<b>42.350,85</b>	<b>37.742,88</b>
III. Inmovilizado Material	405.207,66	413.726,95	A-1) Fondos Propios	42.350,85	37.742,88
21100001 Local 4-5 A Pzas 60-61-62-63	412.303,17	412.303,17	I. Dotación Fundacional/Fondo Social	36.537,25	36.537,25
21300001 Konica Minolta Multifuncion	1.852,72	1.852,72	1. Dotación Fundacional/Fondo Social	36.537,25	36.537,25
21300002 Proyector-Pantalla	1.081,27	1.081,27	10100000 Fondo Social	36.537,25	36.537,25
21300003 Monitor Benq 21.5"	120,95	0	II. Reservas	305,74	500,00
21300004 Cable-Raton	-44,90	0	11300000 Reservas Voluntarias	305,74	0
21500001 Instalacion Estanterias	1.890,12	1.890,12	11300001 Reservas Voluntarias: Correc	0	500,00
21500002 Instalacion Alarma Seguridad	608,56	608,56	III. Excedentes Do Exercicio Anterior	0	0
21600001 Mobiliario Oficinas	15.797,70	15.797,70	IV. Excedente Do Exercicio	5.507,36	305,74
21600002 2 Enrollables Ventanas	580,46	580,46	<b>B) Pasivo No Corriente</b>	<b>349.733,71</b>	<b>362.193,05</b>
21700001 2 Ord Sobre mesa Hp Pavilion	898,00	898,00	II. Deudas A Largo Plazo	349.733,71	362.193,05
21700002 Ordenador Portatil Sony Vaio	799,00	799,00	1. Deudas Con Entidades De Crédito	349.733,71	362.193,05
21700003 Monitor Ord Compaq W11907e	180,00	180,00	17000001 Bco Echeverria Pimo 452/00	349.733,71	362.193,05
21700004 Maletin Portatil Techair	34,90	34,90	<b>C) Pasivo Corriente</b>	<b>23.687,27</b>	<b>18.011,25</b>
26100001 Amort.Acumul.Local 4-5 A Pzas	-21.059,59	-15.774,84	II. Deudas A Corto Plazo	12.459,34	12.115,75
26130001 Amort.Acumul.Konica Minolta Mu	-481,59	-356,17	1. Deudas Con Entidades De Crédito	12.459,34	12.115,75
26130002 Amort.Acumul.Proyector-Pantall	-422,77	-300,02	52000001 Bco Echeverria Pimo 452/00	12.459,34	12.115,75
26130003 Amort Acum Monitor Benq 21.5	-15,03	0	<b>V. Acredores Comerciales Y Otras Ctas.A Pagar</b>	<b>11.227,93</b>	<b>3.897,50</b>
26130004 Amort Acum Cable-Raton	-1,78	0	2. Otros Acredores	11.227,93	3.897,50
26150001 Amort Acum instal Estanterias	-636,83	-437,82	41000004 Escario Fernandez, Formando	200,00	200,00
26150002 Amort Acum instal Alarma	-163,26	-93,40	41000016 Anaxoris Comportala SL	207,52	0
26160001 Amort Acum Mobiliario Oficinas	-5.427,69	-3.957,91	41000034 Landeira Lopez, Mª Dolra	133,60	0
26160002 Amort Acum 2 Enrollables Ven	-145,84	-87,70	41000084 Nes F3 Iberica SL	0	14,71
26170001 Amort Acum 2 Ord Sobre mesa	-898,00	-694,09	41000001 Anticipos Inscripciones Cursos	4.259,00	0
26170002 Amort Acum Ord Portatil Sony	-799,00	-707,75	47510000 Hacienda Pub.Acrov. Raton Pract	2.840,36	3.945,65
26170003 Amort Acum Monitor Compaq W1	-180,00	-167,61	47520000 Hacienda Pub.Acrov.Imp.Sec.	1.740,17	0
26170004 Amort Acum Maletin Portatil	-34,90	-30,91	47600000 Org.De La Sug.Social.Acro.	1.737,13	1.737,13
<b>B) Activo Corriente</b>	<b>10.512,96</b>	<b>4.222,34</b>	47700000 Hacienda Pub.Iva Repartido	13,95	0
III. Deudores Comerciales Y Otras Ctas.A Cobrar	50,71	0	<b>Total Patrimonio Neto Y Pasivo (A + B + C)</b>	<b>415.771,33</b>	<b>417.949,29</b>
43000007 Acrev Xestion De Recursos Natu	50,71	0			
VII. Electivo Otros Activos Liquidos Equivalen	10.512,96	4.222,34			
57000000 Cxps, Euros	209,29	283,26			
57200000 Bco Echeverria Cta 1011002594	10.303,68	3.939,08			
<b>Total Activo (A + B)</b>	<b>415.771,33</b>	<b>417.949,29</b>			

Cuenta de Pérdidas y Ganancias	2013	2012
<b>A) EXCEDENTE DEL EJERCICIO</b>	0	0
<b>1. Ing.de la actividad propia</b>	133.301,22	144.628,77
<b>a) Cuotas de asociados y afiliados</b>	131.220,74	137.244,21
72000001 INGRESOS CUOTAS COLEGIADOS	131.220,74	137.244,21
<b>b) Aportaciones de usuarios</b>	2.080,48	7.384,56
72100001 INGRESOS POR VISADOS	115,53	725,13
72100002 INGRESOS POR CERTIFICADOS	79,00	16,93
72100003 INGRESOS POR COMPULSAS	15,10	40,50
72100004 INGRESOS INSCRIP CURSOS	1.355,00	6.740,00
72100005 INGRESOS ACTIV PROPIAS DIVERS	575,00	0
<b>2. Vtas y otros ingresos de la act mercantil</b>	7.145,93	0
70500000 PRESTACIONES DE SERVICIOS	7.145,93	0
<b>8. Gastos de personal</b>	-73.252,80	-76.943,24
64000000 SUELDOS Y SALARIOS	-55.960,80	-59.631,36
64200000 SEG.SOCIAL EMPRESA	-17.292,00	-16.871,88
64900001 CURSOS FORMACION PERSONAL	0	-420,00
<b>9. Otros gastos de la actividad</b>	-39.274,39	-45.889,69
62200000 REPARACIONES Y CONSERVACIÓN	-50,14	-178,26
62300000 SERVICIOS JURIDICOS	-2.010,55	-4.509,64
62300001 SERVICIOS PROFESIONALES	-68,72	0
62400000 TRANSPORTES	0	-13,21
62500000 PRIMAS DE SEGUROS	-435,44	-575,32
62600000 SERV.BANCARIOS Y SIMILARES	-62,00	0
62700000 PUBLIPROPAGANDA Y RELAC.PUB.	-2.349,40	-1.345,21
62800001 SUMINISTROS: AGUA-LIXO	-245,44	-242,94
62800003 SUMINISTROS: ELECTRICIDAD	-1.055,29	-1.240,31
62900000 OTROS SERVICIOS	-472,05	-1.299,67
62900001 GASTOS CORREOS	-553,05	-655,03
62900002 MATERIAL DE OFICINA	-388,72	-1.424,08
62900003 COMUNICACIONES: TELEFONO	-1.797,05	-1.803,18

Cuenta de Pérdidas y Ganancias	2013	2012
62900004 CUOTAS ASOCIACIONES	-330,00	-300,00
62900005 SERVICIOS ASESORIA	-2.806,66	-2.396,92
62900006 GASTOS FOTOCOPIAS	-219,69	-137,35
62900008 SERVICIO DE LIMPIEZA	-1.235,51	-1.245,69
62900009 SERVICIOS DE SEGURIDAD	-599,26	-550,04
62900010 GASTOS CURSOS	-1.009,17	-5.550,00
62900011 GABINETE DE COMUNICACION	0	-2.655,00
62900012 CUOTA UNION PROF GALICIA	0	-300,51
62900013 TRANSF. A CONSEJO GRAL. COBS	-13.226,04	-16.005,08
62900016 GASTOS JUNTA DE GOBIERNO	-1.531,31	-769,31
62900017 MANTENIMIENTO PROG INF-WEB	-1.875,50	-1.560,20
62900018 GASTOS SUSCRIPCIONES	0	0
62900019 GASTOS COMUNIDAD PROPIETARIOS	-607,71	-258,63
62900020 GASTOS DE VIAJES	-1.842,95	-20,55
62900021 SERVICIOS DE AUDITORIA	-1.810,00	0
62900023 PLATAFORMA E-LEARNING	-562,50	0
62900024 SERV. PROTECCIÓN DE DATOS	-423,50	0
63100000 OTROS TRIBUTOS: IBI	-927,60	-850,97
<b>10. Amortización del inmovilizado</b>	-8.704,14	-8.860,70
68100000 AMORT.DEL INMOV.MATERIAL	-8.704,14	-8.860,70
<b>A.1) EXCED DE ACT (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)</b>	19.215,82	13.135,14
<b>15. Gastos financieros</b>	-11.968,09	-12.829,40
66230000 INTERESES PTIMO BCO ETCHEVERRIA	-10.325,93	-11.115,08
66500000 GASTOS GESTION RECIBOS	-1.433,98	-1.477,72
66500001 GASTOS DEVOLUCION RECIBOS	-144,23	-143,10
66900000 OTROS GASTOS FINANCIEROS	-63,96	-93,50
<b>A.2) EXCED OP FINANCIERAS (14+15+16+17+18)</b>	-11.968,09	-12.829,40
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)</b>	7.247,73	305,74
<b>18. Impuestos sobre beneficios</b>	-1.740,37	0
63000000 IMPUESTO CORRIENTE	-1.740,37	0
<b>A.4) VAR.PATR NETO RECONOC EN EL EXCED E.(A.3+18)</b>	5.507,36	305,74

## 14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

CONCEPTO		IMPORTE (€)
- Cota inscrición licenciados antes de 1 ano		15,00
- Cota inscrición licenciados despois de 1 ano		35,00
- Cota semestral colexiación normal		50,00
- Cota semestral colexiación reducida		30,00
- Compulsas colexiados		0,15
- Compulsas non colexiados		0,60
- Visado colexial Segundo o Regulamento de Visado		-
- Inscrición Rexistro traballos profesionais	B (245,37 €) + IVE	-
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)		6,31

## **15. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrucción.**

- Ao longo do ano 2013 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

## **16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.**

- Ao longo de 2013 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

## **17. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.**

- Acometerase en breve a actualización do código deontolóxico.

## **18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.**

- Ao longo de 2013 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

## **19. Estatísticas colexiacións.**

- En 2013 producíronse 35 altas (1 traslado, 13 tipo B, 21 tipo C) e 75 baixas (71 voluntarias, 1 traslado, 3 falecementos). O activo a 31/XII/13 é de 1.365 colexiados.

## **20. Información estatística sobre a actividade de visado.**

- En 2013 foi sometida ao trámite de visado colexial unha memoria relacionada coa xestión de recursos mariños vivos.

## **21. Información estadística sobre a actividade de rexistro de traballos**

- En 2013 rexistráronse 3 traballos de 2 colexiados, relacionados cos APPCC e a acuicultura continental